

29

Revista de Arqueoloxía e Antigüidade
Departamento de Historia I
Universidade de Santiago de Compostela

GALLAECIA



ÍNDICE

<i>Completando o mapa. Novas datacións absolutas para o Paleolítico e Mesolítico do interior galego.</i> R. Fábregas Valcarce; S. Alonso Fernández; Ameijenda A. Iglesias; A. Grandal d'Anglade; T. Lazuén Fernández; A. de Lombera Hermida; A. Pérez Alberti; M. Pérez Rama; X.P. Rodríguez Álvarez; M. R. Serna González e M. Vaquero Rodríguez.....	5
<i>La temática animal del arte paleolítico: su articulación y sentido de las representaciones.</i> Raquel Lacalle Rodríguez.....	29
<i>O sitio arqueológico de Castanheiro do Vento (V.N. de Foz Côa, Nordeste de Portugal).</i> <i>Estudo comparativo de um conjunto particular de elementos arquitectónicos.</i> Ana Margarida Vale	45
<i>La cerámica de O Regueiriño (Moaña, Pontevedra). Nueva luz sobre el neolítico en Galicia.</i> M. Pilar Prieto-Martínez	63
<i>Alén da fronteira naturalista na arte rupestre galega. Estacións con zoomorfos na Costa da Morte</i> <i>(A Coruña) C. Rodríguez Rellán; R. Fábregas Valcarce; A. Eiroa Pose; E. Rodríguez Álvarez;</i> <i>L. Gorgoso García.....</i>	83
<i>Gravados cruciformes. Monte Penide. Forcarei. Pontevedra.</i> M ^a José Troitiño López.....	103
<i>A realidade céltica en Galicia e a teoría da continuidade paleolítica.</i> Miguel A. Sartal Lorenzo.....	113
<i>A cultura castrexa na bacía do Lérez - Alfofrei.</i> Manuel Reboredo Tajés	125
<i>Castro de Panxón (Nigrán, Pontevedra). Nuevos datos y evaluación de su estado actual.</i> Rosa Villar Quinteiro, Nicolás Villaceros Robineau	137
<i>O pendente de ouro da Cruz do Castro de Carballedo (Cotobade, Pontevedra) e o seu</i> <i>contexto arqueolóxico.</i> Raquel Casal García, Ángel Concheiro Coello, Alberte Reboreda Carreira	145
<i>Un exemplo de estudio microrregional: la evolución del poblamiento en las tierras de</i> <i>la desembocadura del Navia.</i> Minerva Méndez Díaz	151
<i>Ara dedicada a Jupiter encontrada en A Coruña</i> Emilio Ramil Gonzalez; J.M. Caamaño Gesto	167
<i>La vajilla fina de mesa de época romana en los solares nº 10-12 de la calle Tabernas (A Coruña)</i> M ^a . Catalina López Pérez y Víctor Tomás Botella	173
<i>Estudo de paramentos e análise das estruturas exhumadas na "pars nobilis" do</i> <i>campamento romano de A Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña)</i> José Manuel Costa García.....	191
<i>Excavación arqueológica na área urbana de Mondoñedo (Lugo). Praza da Catedral n.º13.</i> <i>Resultados da intervención.</i> Abel Vigo García	203
<i>Ocupação da época romana na cidade do Porto. Ponto de situação e perspectivas de pesquisa</i> António Manuel S. P. Silva	213
<i>Trabajos de excavación arqueológica y consolidación en el Castelo da Lúa (Rianxo, A Coruña).</i> <i>Campaña 2007</i> Andrés Bonilla Rodríguez, Mario César Vila y Nieves Veiga López.....	263
<i>¿Qué sucedería si realizásemos una aplicación lógico-esquemática de la validez en la historia?</i> Alma Lopez Vale; Gonzalo Mata García	277
<i>Pensando el espacio: entre la Geografía y la Historia</i> José Carlos Bermejo Barrera	285

Estudo de paramentos e análise das estruturas exhumadas na “pars nobilis” do campamento romano de A Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña)¹.

Facings' reading and structural analysis of pars nobilis' buildings at the Roman fort of A Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña)

JOSÉ MANUEL COSTA GARCÍA²
Dep. Hist. I. USC

RESUMO

Neste traballo preséntanse as conclusións dunha serie de estudos que, de forma paralela ás labores de escavación do xacemento na súa campaña de 2009, foron realizados en busca dunha mellor comprensión dos restos exhumados. O obxectivo primordial foi o de detectar as diferentes fases da ocupación romana no lugar a partir de tres tipos de análises: lectura de paramentos (tipoloxía, medidas...), análise estrutural (identificación e individualización de complexos arquitectónicos) e interpretación cronolóxica dos mesmos. O estudo ten dúas aplicacións básicas: planeamento de novas hipóteses de traballo e modelo para posteriores restauracións respectuosas coa propia natureza do xacemento.

Palabras clave

Arquitectura militar romana, NO Hispano, *Cohors I Celtiberorum*

ABSTRACT

We offer in this paper the conclusions of some studies developed in parallel with the archaeological campaign of 2009 at the Roman Fort. In order to detect the existence of several phases of occupation in Roman times, we performed a three-way analysis of structural remains: reading of its facings (typology, measures...), structural analysis (identification and individualisation of architectural complexes) and chronological interpretation of them. The study has two basic applications: to raise new work hypothesis and to serve as model for fu-

ture and archaeologically respectful restorations.

Keywords

Roman Military Architecture, NW Spain, *Cohors I Celtiberorum*

INTRODUCCIÓN

As primeiras mencións ao xacemento da Cidadela datan de inicios do século XX (Balsa de la Vega, 1909), acometéndose as primeiras labores de escavación sistemática na década dos 30 da man de Ángel del Castillo (1943). Non sería ata os anos 80, cando o Profesor Caamaño Gesto se fai cargo do mesmo, que se comece a escavar de forma continuada unhas ruínas que xa son claramente identificadas cun recinto militar de época romana³. Durante es-

1 Quixera agradecer o inestimable apoio do Profesor J. M. Caamaño Gesto e de E. Ramil González, senllos directores (científico e técnico) do “Proxecto de escavación arqueolóxica, consolidación e limpeza no campamento romano de A Cidadela–Sobrado dos Monxes”, do que me permitiron formar parte activa. Igualmente recordar aos compañeiros E. Castro Vigo e M. García Valdeiras sempre atentos ás miñas ideas e solicitudes.

2 Traballo realizado co apoio do Programa de Formación de Profesorado Universitario (FPU) da Secretaría de Estado de Universidades, Ministerio de Educación.

3 Para un mellor coñecemento do xacimento (localización, estruturas exhumadas, materiais atopados...) recoméndase acudir á extensa bibliografía publicada polo seu principal escavador, o Prof. Caamaño Gesto, se ben aquí nos remitiremos unicamente a algúns dos artigos que a compoñen e que se atopan citados na bibliografía final.

tas campañas sacáronse á luz un bo número de edificacións (*Principia*, *Praetorium*?...), así como tramos significativos do muro perimetral. A apertura de novas sondaxes no sector coñecido como “dos *horrea*” –ao oeste dos *Principia*- durante as campañas de 2006-2009 trouxo consigo a exhumación de numerosas estruturas murarias que nos permiten afondar no coñecemento do conxunto de edificacións que formaban a *pars nobilis* da Cidadela. Estas dependencias, verdadeiro epicentro do forte romano, sitúanse á beira da *uia principalis* na súa cara norte e, por tanto, na metade coñecida como *retentura*.

Ocupando a posición central dentro deste conxunto, os *Principia* ou cuartel xeral da base foron identificados xa de antigo polo profesor Caamaño Gesto (1998: 1259-1261). Máis problemática foi, sen embargo, a interpretación das dúas edificacións orientais, primando finalmente a idea (Caamaño, 1995: 198-199) de que debía de tratarse do *Praetorium* ou residencia do comandante a maior delas -seguinto un modelo habitual en outros campamentos coetáneos, como Chesters, Fendoch o Gellygaer, en *Britannia* (Birley, 1963; Webster, 1969)- e unha ampliación do mesmo a menor. De acordo con este mesmo modelo pensouse, entón, que no sector occidental debían atoparse os *horrea* ou silos, de aí a denominación do sector nas últimas campañas (2006-2009). Mais grazas ás escavacións dos últimos anos e á análise dos paramentos das estruturas exhumadas estamos en disposición de entrar a discutir estas afirmacións. Este feito entronca directamente coa sospeita, hoxe evidencia, da existencia nas edificacións que nos afectan de varias fases ou reformas dentro dunha mesma época romana.

METODOLOXÍA

a) Análise de composición de paramentos

Se ben en función da existencia de diferentes tipos de paramentos se fixera a diferenciación entre estruturas de época romana, xermánica e medieval, non se afondou de abondo no estudo daquelas pertencentes á fase romana, o que permitirá, nun futuro:

- A identificación das estruturas de acordo cun modelo tipolóxico e cronolóxico.

- A súa consolidación partindo destes patróns arqueoloxicamente diferenciados.

Como é comprensible, esta identificación só se podía realizar a partir das estruturas escavadas nesta campaña de 2009, xa que as das anteriores ou ben foron xa consolidadas –alteración antrópica moderna- ou ben sufriron os efectos da súa exposicións aos elementos atmosféricos, se non ambos os dous. Con todo, foi posible a identificación de catro tipos de estruturas de época romana:

- **Tipo A1.** Muro con dobre careado erixido mediante a técnica de *opus incertum* (cachotaría). As caras atópanse ben rematadas e predominan maioritariamente os xistos locais salvo nos esquinais e remates das entradas, onde se sitúan grandes perpiaños de granito. A modo de nivelación poden aparecer cuñas de xisto. O núcleo dos muros constitúeno pedras de menor tamaño e ocasionalmente algunha tella, servindo de aglutinante a arxila local. A anchura dos muros oscila entre os 51 e os 54 centímetros alá onde non foron alterados por posteriores remodelacións. Aínda que estas dimensións non coinciden con ningunha romana, isto pode deberse a que as medicións se fixesen tendo en conta a trincheira de fundación e non o muro no



Figura 1: Tipo A1. Muro do sector norte do Edificio 1.

seu alzado. Unha trinchreira de dous pés romanos (59,2 cm)⁴ serviría ben a este cometido.

- **Tipo A2.** Muro con dobre careado erixido mediante a técnica de *opus incertum* (cachotaría). As caras atópanse ben rematadas e predominan case absolutamente os xistos locais, incluso nos esquinais e remates, onde desaparece xa o granito. A modo de nivelación poden aparecer cuñas de xisto. O núcleo dos muros constitúeno pedras de miúdas e aparecen xa en maior número os fragmentos de tellas –algunha con marcas da *Cohors*-. Serve como aglutinante a arxila local. A anchura dos muros oscila entre os 51 e os 54 centímetros, o que nos indica que seguen un planeamento construtivo semellante ou derivado do anterior.



Figura 2: Tipo A2. Muro pegando á fachada do Edificio 1. Emprego de *tegulae* con marca no núcleo do mesmo.

4 Adoptamos a máis común medida do *pes monetalis*, establecido en 296,2 mm ± 0.5 mm sendo conscientes de que se ben “the imperial and metric weights and measures are the regulated quantities of a modern era obsessed with standardization; one cannot expect such a rigorous uniformity when dealing with Roman standards in the north-west provinces, often based, as they were, on a wooden measurement-rod” (Bridger, 1984: 85). De aí a importancia de tratar de localizar *in situ* evidencias que confirmen o emprego dun ou doutro sistema.

- **Tipo B.** Muro con dobre careado en *opus incertum* (cachotaría) peor rematado cós anteriores. Aínda que predominan os xistos de variado tamaño, a aparición de cachotes de granito ou mesmo perpiaños, así como de pedras máis aptas para outros cometidos que o construtivo (pedra de gra) infórmanos de que se está a producir un reaproveitamento de materiais máis antigos. No núcleo aparecen pedras de menor tamaño, así como abundantes restos de *tegulae* e mesmo material cerámico. As súas dimensións ao ancho indícanos, sen embargo, que este tipo de estruturas son romanas, xa que, oscilando entre os 58,5 e os 60 cm, axústanse ben aos dous pés.



Figura 3: Tipo B. Muro do sector norte do Edificio 2. Apréciase a presenza de pedra de gra e anacos de *tegulae*.

- **Tipo C.** Trátase do tipo de estruturas peor conservadas e documentadas. Contan con dobre careado en *opus incertum*, coa mesma mestura de tamaños e materiais que figuraban no tipo anterior, tanto nas caras externas coma no núcleo. A súa particularidade é que o seu ancho oscila entre os



Figura 4: Tipo C. Muro do sector norte do Edificio 2. Emprego de *tegulae* no núcleo.

43,5 e os 45,5 centímetros, axustándose ben ao pé e medio ou codo romano (44,4 cm).

b) Análise de secuencia de paramentos

A análise das relacións entre os distintos tipos de paramentos permite a identificación de diferentes fases construtivas e de ocupación no sector:

Conxunto 1. Comprende o muro perimetral da edificación máis occidental, dous muros que de ela arrincan no seu lado sur de maneira perpendicular e paralela entre si e un anexo a esta edificación no espazo que se estende cara aos *Principia* na súa vertente sur, fronte á *uia principalis*. Sen lugar a dúbidas é o maior conxunto tanto en extensión como en coherencia construtiva, xa que a excepción do muro perimetral oeste, uns centímetros máis ancho (60 cm), todos eles se axustan ao tipo A1 en todos os sentidos. Esta variación puntual pode deberse á súa condición de muro lindeiro co *interuallum* ou mesmo á de muro de carga.

Conxunto 2. Fórmalo todas as estruturas murarias que veñen compartimentar ou modificar o espazo interno delimitado polo conxunto anterior. Atopamos muros dos tipos A2, B e C que pegan aos de tipo A1 sen chegar a imbricar con eles. A excepción constitúea unha estrutura de tipo A2 que chega a cortar un dos muros interiores de tipo A1 para imbricar finalmente con outro desde mesmo tipo. Podemos crer, entón, na existencia de sucesivas reformas que se deberon prolongar durante todo o período romano e mesmo tras el (muros xermánicos e medievais que se localizan no sector sur da edificación).



Figura 5: Muro do tipo A2 pegando a outro do tipo A1 na fachada do Edificio 1.

Conxunto 3. Un terceiro espazo entre a grande edificación occidental e os *Principia* ven delimitado e compartimentado por muros do tipo B, coa presenza residual dunha única estrutura de tipo C que ven cortar o pavimento que cubre as cimentacións dos anteriores. A este conxunto hai que engadir, ademais, un alxibe coa súa correspondente canalización, construído no patio que ocupa o sector sur do espazo.

c) Comprobación de dimensións antigas nas edificacións

Un último indicio ven confirmar a romanidade das sinaladas estruturas e edificacións: as súas dimensións axústanse a medidas e proporcións empregadas habitualmente na arquitectura militar romana. Non existe, sen embargo, unha correspondencia clara entre un determinado patrón de medida e un tipo de estruturas definido nas análises anteriores, senón que estas conviven no espazo e no tempo, sendo empregadas indistintamente ou, mellor dito, de acordo con criterios funcionais:

Modelo A. Sistema decimal ou de base 10, cos seus múltiplos e divisores. É o predominante en todo o complexo 1 ou occidental.

Modelo B. Sistema duodecimal ou de escala 12, cos seus múltiplos e divisores. Aínda que non abunda especialmente neste sector pódese identificar claramente nalgúnhas estancias.

Modelo C. Sistema proporcional. Nalgúns casos as estruturas, axustándose ou non aos modelos anteriores, adoptan unhas proporcións que encaixan dentro dun planeamento construtivo xeral. Así, o espazo occidental




Figura 6: Complexo 1 ou Occidental (Edificios 1 e 2). Dimensións e fases.

ten unhas dimensións de 5/4 e o seu apéndice sur adopta unhas proporcións de 2/3 x 1/4 con respecto ao espazo baleiro entre a edificación maior e os Principia.

Cronoloxía final do complexo 1 ou occidental

O estudio pormenorizado dos paramentos permitiunos confirmar a romanidade de todas as estruturas e edificacións analizadas. Así mesmo estamos en disposición de realizar unha valoración e seriación cronolóxica das mesmas:

Fase 1: Época altoimperial.

Fase 1A: Fundación do campamento, entre finais do século I e máis probablemente inicios do II d. C. Esta subfase ven identificada polos paramentos de tipo A1 e a ausencia de materiais reutilizados con alusións á *Cohors I Celtiberorum*. Así, o campamento foi construído *ex nouo* e moi probablemente por unha unidade diferente de aquela que o ocupou efectivamente. É habitual que as tropas lexionarias constrúan as defensas e edificios principais dos fortes auxiliares, de aí a súa coidada factura e planificación, reservándose outras (v.g. *barracóns*) para os propios auxiliares (Davison, 1989: 213-214). A sombra da *Legio VII Gemina Felix* planea agora tamén sobre o campamento de A Cidadela despois de facelo sobre o de *Aquae Querquennae* (Portoquintela, Bande, Ourense) (Rodríguez Colmenero & Ferrer Sierra, 2006: 161-164). A edificación occidental ou nº 1, xunto co seu anexo SE, serían construídas neste momento e as súas potentes fachadas converterían a *uia principalis* nun espazo monumentalizado.

Fase 1B: Ocupación por parte da *Cohors I Celtiberorum*: primeiro terzo do século II - inicios/mediados do século III d. C. Pese a algunhas alteracións significativas, consérvase en esencia a disposición das edificacións e os novos paramentos (tipo A2) constrúense seguindo o modelo existente, pero con mostras da presenza da *Cohors* nos mesmos.

Fase 2: Fase militar tardía: inicios/mediados do século III - final do século III/inicios do IV d. C. Ademais dalgunhas ampliacións no edificio occidental, a nova fase ven caracterizada esencialmente pola aparición dunha nova edificación anexa (nº 2) que se divide en dous espazos diferenciados: un patio con alxibe e

unha canle de desaugue ao sur e unhas estancias de menor tamaño na metade norte. Dada a notable factura dos pavimentos nesta zona (reutilización de estucados, tellas e arxilas antigos) e a presenza da auga, todo fai pensar na existencia dalgunha actividade artesanal ou industrial de pequeno calado (reparación antes que fabricación). A súa cronoloxía tardoantiga viría confirmada tamén pola natureza tardía dos achádegos cerámicos.

Fase 3: Fase tardorromana: inicios do século IV. Documentase con dificultade, pero parece que durante a mesma tanto o edificio 1 como o 2 están en perfecto funcionamento, xa que os paramentos do tipo C aparecen completando ou modificando ambos espazos. Non estamos en disposición de saber se esta fase é puramente militar ou ben corresponde xa a un período de ocupación pola poboación civil local do campamento militar abandonado.

É moi difícil establecer o momento final de ocupación do complexo occidental. Os materiais cerámicos (TSHT) parecen inducir unha cronoloxía de inicios-mediados do IV ou incluso máis avanzada no tempo se consideramos que estes materiais son permanencias, pero non é seguro. Sen lugar a dúbidas o derrube de *tegulae* con marcas do tipo *CPC* (Caamaño, 1989) afecta por igual aos dous edificios, co que parece que cando chega ao lugar un novo aporte poboacional en época xermánica as teitumes estarían derrubadas e algúns muros de carga moi afectados polo propio derrube. Alí onde se conservan, son reutilizados, onde non, recrecidos ou mesmo se constrúen outros novos a costa dos vellos. En moitas zonas o derrube de tellas serve de capa de drenaxe para os pavimentos de época xermánica, cuxas edificacións empregan xa cubertas de lousa.

O modelo nas restantes edificacións da “pars nobilis”

Co fin de comprobar os presupostos adoptados tras o estudo dos paramentos do complexo occidental, realizamos igualmente un seguimento das restantes edificacións do sector ao carón da *uia principalis*. Cómpre salientar que a identificación dos paramentos foi aquí máis complexa, xa que os recrecementos realizados con motivo da consolidación dos muros tras as campañas de escavación afectaron moito ás estruturas orixinais, xa que seguen un patrón

sistemático e pouco sensible con respecto ás particularidades de cada unha delas. Por outra banda, a imposibilidade de empregar axentes químicos como herbicidas así como o deficiente valado do recinto arqueolóxico ata tempos relativamente recentes -coa conseguinte e irregular entrada de visitantes e veciños ao mesmo- afectaron notablemente á conservación de todas aquelas estruturas que non foron consolidadas orixinariamente logo da súa escavación.

Edificio 3: Os Principia.

É, sen lugar a dúbidas, a edificación de máis sinxela identificación, tanto tipolóxica como formalmente. Divídese en catro espazos fundamentais: *armamentaria* ou estancias para o almacenamento, patio inferior descuberto, patio superior cuberto ou *basilica* e estancias administrativas (*aedes signorum* e *officinae*). Polo que aos seus paramentos respecta, puideron identificarse fundamentalmente dous tipos:

Tipo A1. Muro con dobre careado erixido mediante a técnica de *opus incertum* (cachotaría). As caras atópanse ben rematadas e as fiadas son nítidas. Predominan maioritariamente os xistos locais salvo nos esquinais e remates das entradas, onde se sitúan grandes perpiaños de granito. O núcleo dos muros constitúeno pedras de menor tamaño e ocasionalmente algunha tella, servindo de aglutinante a arxila local. A anchura dos muros oscila entre os 60 e os 64 centímetros e probablemente se visen algo alterados polos recrecementos modernos. Aínda que exceden a medida dos dous pés romanos, como ocorría co muro perimetral do Edificio 1 á beira do *interuallum*, as dimensións dos perpiaños de granito dos esquinais si se acomodan ás medidas romanas (2x2 pés no *aedes*), o que confirma a romanidade dos paramentos.

Tipo A2. Muros moi semellantes aos anteriores en factura e remates, pero indubidablemente máis estreitos (51-54 centímetros) e parangonables aos de tipo A1 do Edificio 1 salvo porque non se puideron detectar perpiaños de granito nos remates ou interseccións.

Outros tipos e variantes. Existen dúas estruturas de factura idéntica ás anteriormente indicadas e que estruturalmente forman parte do mesmo complexo pero con dimensións que

oscilan entre os 55 e os 61 cm. Estas oscilacións, que se producen mesmo ao longo dos propios muros poden responder tanto ás particularidades da construción antiga como a alteracións modernas. A maiores, outras dúas pequenas estruturas non se axustan no sector das *officinae* aos patróns sinalados: son dous muretes de 26-39 e 45 cm de ancho respectivamente que virían pegar ás estruturas principais actuando como tabiques. A súa factura e aliñamento semellan, non obstante, perfectamente romanos.

Parece existir, entón, un único complexo edilicio, que se correspondería cun horizonte de fundación en época romana altoimperial. As poucas e pequenas alteracións que viviría o edificio ao longo da súa historia indícanos a idoneidade da súa construción e o desempeño da súa actividade ata o abandono do campamento, xa que só en época xermánica podemos apreciar notables alteracións nun espazo, polo demais, plenamente axustado a unha tipoloxía e a unhas medidas (decimal, duodecimal, proporcional) características da arquitectura militar romana. É a nosa opinión que a diferenciación na anchura dos muros responde a criterios puramente funcionais: muros perimetrais e de carga principal fronte a muros secundarios que dividirían os espazos e actuarían como muros de carga secundarios para teitumes e cubricións. Finalmente, os máis estreitos e pegados actuarían como tabiques.




Figura 7: Edificio 3: Principia. Dimensións e fases.

Complexo 2: edificios 4 e 5.

O edificio máis oriental (nº 5) deste conxunto interpretouse orixinariamente como o *Praetorium* ou residencia do comandante da unidade militar, mentres que o máis occidental (nº 4) resultou sempre unha incógnita se ben desde un inicio se considerou un espazo máis moderno, xa que a súa construción afectou e desviou unha canle procedente da zona ao norte dos *Principia* e que corría paralela ao Edificio 4. En conxunto, é unha das zonas onde os muros se atopan máis deteriorados e onde a presenza xermánica se fai máis patente. Aínda así, poden ser identificados os seguintes paramentos:

Tipo A1. Muro de dobre careado erixido mediante a técnica de *opus incertum* (cachotaría) do tipo que xa atopábase no resto de edificacións. Aparellos en xisto e granito nos esquinais e remates. Anchura: 60-63 cm. Atópase principalmente nos lenzos O, E e N do muro perimetral do Edificio 5.

Tipo A2. Paramento de factura moi semellante ao tipo anterior pero máis estreito: 51-56 cm. Atópase no Edificio 5, no lenzo S do muro perimetral ou fachada (53-56 cm), nos muros que parten perpendiculares á entrada (54-56 cm) e nos muros que definen os conxuntos de estancias do N e SE, onde son máis estreitos (53 e 51-52 cm respectivamente). Igualmente pode ser identificado na fachada do Edificio 4 e no muro que fai L coa mesma, se ben máis deteriorado.

Tipo B. Muro con dobre careado erixido mediante a técnica de *opus incertum* (cachotaría). As caras atópanse ben rematadas e predominan os xistos locais tamén nos esquinais e remates das entradas. Debido á súa estreiteza case non teñen núcleo e non se pode apreciar na actualidade cal sería a súa composición. Oscilan entre os 30 e os 33 cm de ancho, polo que poida que orixinariamente se axustasen á medida dun pé. Únicamente aparecen como muros divisores das estancias ao SE do Edificio 5.

Tipo C. Localízanse no complexo de estancias ao SE do Edificio 5. Son muros de dobre careado e cun núcleo. O material empregado é sempre xisto de procedencia local e a anchura oscila entre os 45-46 cm predominantes nos muros da metade norte e os 50-53 dos da parte sur. Diferéncianse do tipo A2 por criterios formais (non aparece granito en ningún caso)

e estruturais (pegan e mesmo cortan muros do tipo B, aos que parecen suceder na súa función de compartimentación do complexo SE).

Tipo D. Muro con dobre careado en *opus incertum* (cachotaría) peor rematado cós anteriores. Aínda que predominan os xistos de variado tamaño, a aparición de cachotes de granito ou mesmo perpiaños infórmanos de que se está a producir un reaproveitamento de materiais máis antigos. No núcleo aparecen pedras de menor tamaño, así como abundantes restos de *tegulae*. As súas dimensións ao ancho, tendo en conta as notables alteracións polo paso do tempo, van dos 61 aos 70 cm. Atópanse unicamente nos lenzos O, E e N do Edificio 4.

Estruturas non identificadas. Ao norte do Edificio 5 un muro do tipo A2 que se estende ao ancho do espazo marca a divisoria entre o patio interior e un conxunto de estancias case completamente arrasadas. O seu deficiente estado de conservación impediu a súa correcta identificación.






Figura 8: Complexo 2 ou Oriental (Edifícios 4 e 5). Dimensións e fases.

Malia as dificultades, é posible documentar un **primeiro complexo** de estruturas que se corresponde cos muros perimetrais do Edificio 5, aqueles perpendiculares á fachada na súa entrada e mesmo os que delimitan as estancias ao N e SE da edificación. Existe a fundada sospeita de que tanto a fachada do Edificio 4 como o arranque do seu lenzo O ata unha altura de 7,43 metros (25 pés) formasen parte do planeamento orixinal, do mesmo modo que ocorre co apéndice SE do Edificio 1. A presenza a esta altura dun perpiaño de granito así o parece indicar, pero os muros serían arrasados

ou recrecidos durante a construción do Edificio 4.

En relación coa erección deste espazo orixinal debemos situar o conxunto de muros-tabique do tipo . Estes serán rapidamente derrubados sen afectar a estrutura do edificio e cubertos por novos pavimentos que funcionan xa coas estruturas de tipo  iniciándose unha **nova fase de ocupación** que relacionamos coa chegada da *Cohors* ou cunha reordenación durante a súa estadía no lugar. Finalmente, a Edificación nº 4 sería unha construción dunha **fase** máis moderna e moi probablemente **tar-dorromana** (Séculos III-IV).

CONCLUSIÓNS FINAIS: UN NOVO MODELO CRONOLÓXICO E FUNCIONAL

O estudo comparado de edificacións e paramentos resultou ser, ao fin e ao cabo, unha útil ferramenta que veu redundar na riqueza e complexidade dun xacemento tan didáctico coma A Cidadela: campamento romano, *uicus civil*, asentamento de época xermánica e mesmo altomedieval. De aí a necesidade dun atento coidado e diversificado estudo que deberá perpetuarse no futuro. Ábrese igualmente, un período de reflexión sobre a interpretación global do xacemento ao rexeitarse algunhas antigas hipóteses de traballo, perfeccionárense outras e proporse novas perspectivas de estudo. No que agora nos afecta, estas son as nosas principais conclusións teóricas:

Horizonte altoimperial: fundación e primeira ocupación.

Descoñecemos tanto o momento de erección do forte coma o axente encargado de facelo. A proposta de finais do século I – inicios de



Figura 9: Fuste de pilastra reempregada.

século II para a fundación do campamento segue sendo perfectamente válida. A data máis antiga ven confirmada pola numismática (moedas de Domiciano) e algúns materiais cerámicos, mentres que a tipoloxía das estruturas defensivas podería tanto confirmar este punto como retrasar a fundación ata finais do reinado de Traxano e comezos do de Adriano⁵. O que é claro é que a *Cohors I Celtiberorum* en ningún caso se atopa na rexión antes do ano 117 cando aínda é mencionada na epigraña mauritana (*CIL XVI*, 165). Cabe entón a posibilidade de que o forte fose erixido por outra unidade, moi probablemente unha *uexillatio* da *Legio VII Gemina*, acantonada en León, en previsión da nova misión da *Cohors* no Noroeste hispano (*AE*, 1972, 282).

A este momento de fundación pertencen a muralla perimetral, os canónicos *Principia*, e as edificacións 1 e 5, xemelgas no seu planeamento orixinal. Así mesmo, os anexos de senllas edificacións redundarían na idea de fachada cara a *uia principalis*. Os restos de pilastras de granito reutilizados en paramentos máis modernos, o *opus signinum* en fronte ao Edificio 1 e as coidadas entradas das construcións son comprensibles neste sentido. A chegada e asentamento da *Cohors* supuxo indubidablemente algúns cambios na estrutura interna dos edificios, pero non alterou especialmente a súa disposición xeral.

Sobre a función dos edificios 1 e 5, seguen sendo máis as dúbidas cas certezas. A tese de que o primeiro fosen os *horrea* ou silos queda descartada, a de que o segundo sexa o *Praetorium* desvanécese ao mesmo ritmo. Trátase de edificacións con grandes patios, mais non patios centrais arredor dos cales se manifesten actividades de hábitat privado, executivo ou asistencial -hospital-. Son espazos pura e meramente funcionais, cun puñado de estancias que contan con bos pavimentos e muros

⁵ Os campamentos pétreos de León (García y Bellido, 1970: 571-575) e *Aquae Querquennae* (Rodríguez Colmenero & Ferrer Sierra, 2006) pertencen ao período flavio, mentres que é no primeiro terzo do século II d. C. cando se xeneraliza o emprego da pedra tanto na construción de fortes *ex nouo* como nas paulatinas reformas das fortificacións terreiras en Hispania (Rosinos de Vidriales) (Romero Carnicero & Carretero Vaquero, 1998: 28), Britania (Webster, 1969: 82), o Danubio (Wilkes, 2000: 101-119) ou Dacia (Dawson, 1989: 342-345).

medianeiros quizais pensando en manter certa capacidade de almacenamento.

No caso do Edificio 5, o abundante número de fogares e as canles de desaugue (Caamaño & Fernández, 2000: 203-5) fannos pensar nunha actividade cotiá mais non artesanal, se ben requiriría a presenza dunhas estancias compartimentadas quizais pensando en manter certa capacidade de almacenamento. Barállanse as posibilidades de cociñas, comedores comunais e mesmo algunha das estancias podería ser unha latrina.

Polo que respecta ao Edificio 1, é aínda cedo para decantase en ningún sentido, xa que non contamos con tantas evidencias coma no caso anterior, pero sen lugar a dúbidas é un espazo público e con actividade continuada ao largo do tempo (as constantes reformas así o indican). Os espazos do complexo SE deberon servir á actividade desenrolada no patio central: almacenamento, control e inventariado, procesamento...

Horizonte tardoimperial: as necesidades dos novos tempos.

Non semella que no substancial nada alterase durante o século II e boa parte do III d. C. o ritmo de vida dentro do campamento. Fose cal fose a función dos militares aquí acantonados (control das vías, centro administrativo, envío de *uexillationes* para o control das minas astures...) esta non excede a capacidade de manobra da unidade requirindo algunha alteración significativa na configuración estrutural da base. Sen embargo, nun momento que xa podemos considerar tardío (mediados III – inicios IV) presenciamos importantes cambios: os máis evidentes son a erección dos edificios 2 e 4. O primeiro identificámolo coma un taller artesanal ou de reparación de bens: patio con alxibe e estancias ben pavimentadas para o almacenamento e procesado.

O segundo é xa máis complicado, pero existen algúns indicios de importancia: o espazo non está en absoluto compartimentado; os muros de carga son de mala factura pero potentes, co que se trataba dun espazo cuberto; desvíase unha canle principal para a súa construción, polo que non resta espazo suficiente en ningún outro lugar intramuros para unha edificación que se torna fundamental neste momento.

Sabemos que desde época tetrárquica, senón antes, as unidades gañan importantes cotas de autonomía e faise preciso un mellor abastecemento con vistas a surtir á *annona militaris* (Menéndez Argüín, 2006: 340-343; Morillo, 2006: 103-105). Neste sentido sería comprensible a aparición dun taller de reparación de equipamento⁶, pero tamén a creación de novos espazos para o almacenamento de bens de consumo, principalmente gran. A hipótese dun silo a maiores dos de época altoimperial non debe ser rexeitada e parece máis sólida cá dun espazo para o adestramento (*basilica exercitatoria*) ou calquera outra actividade pública (espazo para as arengas, *collegia* de suboficiais...). O forno (cerámico?) descuberto no *interuallum* nesta mesma campaña semella ser tardío e redundante na idea de autoabastecemento a costa de ocupar espazos anteriormente inviolables.

Non sabemos que ocorreu despois deste momento pero a documentación escrita e as evidencias arqueolóxicas (numismática, cerámica) indican que a ocupación do século IV foi máis ben residual⁷ debido a que a unidade recibe ordes de desprazarse cara a rexión cántabra ou pirenaica (*Not. Dig. Occ.*, XLII, 30). Todos os edificios seguen a funcionar e mesmo se reforman os espazos produtivos (tamén o nº 1, o que nos fai pensar nunha actividade produtiva ou de almacenamento tamén para este lugar), pero pronto serán abandonados tamén por estes ocupantes -probablemente civís da zona- e colápsanse.

Horizonte tardoantigo e altomedieval: a chegada dos aportes xermánicos

Malia estar abandonado, o lugar debeu seguir conservando certa sona para cando un novo grupo humano se achegue ás terras de Sobra-

⁶ Os anos finais do século III supoñen unha notable reforma do sistema produtivo de bens para o consumo militar, coa aparición das grandes factorías estatais (James, 1988: 257-287). Outros espazos, coma Britania ou Hispania, con menos tropas, puideron abastecerse a partir doutras rexións (A Galia) ou ben autoabastecerse. As notables reformas que se producen en León no sector dos talleres de reparación e fabricación de armamento (Aurrecochea, 2006: 315-319) así o parecen indicar.

⁷ A presenza de TSHT no xacemento representa só o 6% do total da TS recollida, o que nos informa dunha ocupación residual durante o século IV, xa sexa por parte da mesma cohorte ou tras a súa marcha (Pérez López, 2006: 433).

do. Nada coñecemos sobre a natureza do mesmo -Xermanos? Galaicorromanos con cultura material xermana?- pero o seu asentamento supuxo o definitivo desmantelamento dalgúns estruturas antigas e a aparición doutras novas. Unha potente igrexa e un conxunto de sepulturas próximo a ela indican a sacralización do antigo espazo de poder e a cristianización definitiva da rexión nestas datas do s. VII, tal vez coincidindo coa obra de San Fructuoso.

Non sabemos en que momento o asentamento foi destruído ou abandonado, pero uns poucos paramentos altomedievais indican que no sucesivo a ocupación foi residual. A aparición dunha nova igrexa románica extramuros marca o abandono do cristianismo de rito antigo e a entrada das novas correntes de pensamento europeo no século XII.

BIBLIOGRAFÍA

AURRECOECHEA FERNÁNDEZ, J. (2006) “Talleres dedicados a la producción de equipo militar los campamentos de León, con especial referencia a los restos de lorica segmentata” en MORILLO CERDÁN, Á. (Ed.) *Arqueología militar romana en Hispania II: Producción y abastecimiento en el ámbito militar*, León, 309-334

BALSA DE LA VEGA, R. (1909) “Enigma arqueológico”. *Boletín de la Real Academia Gallega*, III, 27-31.

BIRLEY, A. R. (1963) *Hadrian's Wall, An Illustrated Guide*. London.

BRIDGER, C. J. (1984) “The ‘Pes Monetalis’ and the ‘Pes Drusianus’ in Xanten”. *Britannia*, 15, 85-98.

CAAMAÑO GESTO, J. M. (1989) “Estampillas de la *Cohors I Celtiberorum* halladas en el campamento romano de Cidadela”, *Gallaecia*, 11, 209-229.

CAAMAÑO GESTO, J. M. (1995) “Obras públicas en la Galicia romana: los campamentos”, en PÉREZ LOSADA, F. & CASTRO PÉREZ, L. (Coords.) *Arqueología e Arte na Galicia prehistórica e romana*. A Coruña, 191-201.

CAAMAÑO GESTO, J. M. (1998) “El urbanismo del campamento romano de Cidadela” en RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (Coord.) *Los orígenes de la ciudad en el Noroeste hispánico*. *Actas*

del Congreso Internacional, Lugo, 15-18 de mayo, 1996”. Lugo, 1253-1263.

CAAMAÑO GESTO, J. M. & FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, C. (2000) “Excavaciones en el campamento de Cidadela (A Coruña)”. *Brigantium*, 12, 199-207.

CASTILLO, Á. DEL (1943) “Hallazgos arqueológicos”. *Boletín de la Real Academia Gallega*, XXII, 326-328.

DAVISON, D. P. (1989) *The Barracks of The Roman Army from The 1st to 3rd Centuries A. D.: A comparative study of the barracks from fortress, forts and fortlets with a analysis of building types and construction, stabling and garrisons*. Oxford.

DAWSON, M. (1989) “A review of the equipment of the roman army of Dacia” en VAN DRIEL-MURRAY, C. (Ed.) *Roman Military Equipment: The Sources of Evidence (Vth Roman Military Equipment Conference)*. Oxford, 337-366.

GARCÍA Y BELLIDO, A. (1970) “Estudios sobre la Legio VII Gemina y su campamento en León” en VIÑAYO, A. (Ed.) *Legio VII Gemina*. León, 569-599

JAMES, S. (1988) “The *fabricae*: State Arms Factories in the Later Roman Empire” en COULSTON, J. C. (Ed.) *Military Equipment and the identity of the Roman Soldiers (IVth Roman Military Equipment Conference)*. Oxford, 257-287.

PÉREZ LÓPEZ, C. (2006) “La importación de terra sigillata en el campamento de Cidadela (Sobrado dos Monxes, A Coruña)” en MORILLO CERDÁN, Á. (Ed.) *Arqueología militar romana en Hispania II: Producción y abastecimiento en el ámbito militar*. Madrid, 431-437.

MENÉNDEZ ARGÜÍN, A. R. (2006) “Organización administrativa de los abastecimientos destinados al ejército romano altoimperial” en MORILLO CERDÁN, Á. (Ed.) *Arqueología militar romana en Hispania II: Producción y abastecimiento en el ámbito militar*. Madrid, 335-343.

MORILLO CERDÁN, Á. (2006) “The Roman Army in Spain” en MORILLO & AURRECOECHEA (Eds.) *The Roman Army in Hispania. An archaeological source*. León, 85-106.

- RODRÍGUEZ COLMENERO, A. & FERRER SIERRA, S. (2006) *Excavaciones arqueológicas en Aquae Querquernae. Actuaciones en el campamento romano (1975-2005)*. Anejos de Larouco nº 4. Lugo.
- ROMERO CARNICERO, M. V. & CARRETERO VAQUERO, S. (1998) “El urbanismo del campamento romano de Cidadela” en RODRÍGUEZ COLMENERO, A. (Coord.) *Op. Cit.*, 1077-1108.
- WEBSTER, G. (1969) *The Roman Imperial Army of The First and Second Centuries AD*. London.
- WILKES, J. J. (2000) “Roman legions and their fortress in the Danube Lands” en BREWER, R. J. (Eds.) *Roman Fortresses and their legions*. London, 101-119.